

mitación conforme as regras establecidas para o xuízo verbal coas especialidades previstas no artigo 753 da Lei de axuízamento civil, dándose traslado dela á parte demandada co fin de que, no prazo de 20 días, presentase por escrito a contestación.

Terceiro.-O demandado non contestou no prazo concedido e ditouse, o 20 de abril de 2006, providencia declarando a rebeldía procesual da citada parte e sinalando o día e a hora para a celebración da vista.

Cuarto.-O día e á hora sinalados compareceu a parte demandante coa representación procesual e asistencia letrada arriba sinalada. O demandado non compareceu a pesar de ser citado en tempo e forma, polo que se procedeu a declaralo en situación de rebeldía procesual, continuando o acto coa parte que compareceu.

Concedida a palabra ao letrado da demandante, afirmase e ratifícase na demanda, modificando o fundamento xurídico terceiro desta en canto á necesidade de pronunciamento sobre a disolución da sociedade de gananciais, e solicita o recibimento do preito a proba.

O letrado da demandante solicita que como proba se teña por reproducida a documental que consta unida ás actuacións. Declarada pertinente a proba proposta pola demandante, dáse por rematado o acto, quedando os autos vistos para resolución.

Quinto.-Na tramitación deste procedemento observáronse todas as previsións legais.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-Fundamenta a parte demandante a súa pretensión de disolución matrimonial por divorcio nos artigos 81 e 86 do Código civil segundo redacción dada pola Lei 15/2005, do 8 de xullo.

Quedando acreditado da documental que consta en actuacións, o cumprimento do disposto no citado precepto legal, procede acceder ao pedido.

Segundo.-En canto ás medidas ou efectos civís que toda sentenza de divorcio ten que supor conforme o establecido nos artigos 91 e seguintes do Código civil, non tendo nacido fillos froito do matrimonio, procede pronunciarse única e exclusivamente sobre a disolución da sociedade de gananciais que deberá acordarse de conformidade co disposto no artigo 95.

Terceiro.-De acordo co disposto nos artigos 755 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, 2.5º, 46 da Lei do rexistro civil e concordantes do Regulamento do rexistro civil, unha vez que sexa firme esta resolución remítase testemuño dela ao Rexistro Civil onde estea inscrito o matrimonio dos cónxuxes, para a súa anotación para os efectos oportunos.

Cuarto.-Tendo en conta a natureza dos dereitos discutidos e o carácter necesario do proceso, non procede facer imposición de custas.

Vistos os artigos citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

Decido que, estimando a demanda de disolución matrimonial por divorcio interposta polo procurador dos tribunais Ricardo Rómulo González Tejada, en nome e representación de María Cristina Calleiros Rodríguez, o 15 de febreiro de 2006, contra Manuel José Machado da Costa, debo decretar a disolución por divorcio do matrimonio formado por María Cristina Calleiros Rodríguez e Manuel José Machado da Costa, e a disolución da sociedade de gananciais.

Non procede a imposición de custas.

Rexístrase esta sentenza nos libros da súa clase que constan neste xulgado.

Unha vez firme esta resolución, practíquese a correspondente anotación marxinal na inscrición de matrimonio dos cónxuxes no Rexistro Civil de Entrimo.

Ao lles notificar esta resolución ás partes, fágaselles saber que contra ela cabe interpoñer recurso de apelación que se preparará neste xulgado no prazo de cinco días desde a data da súa notificación perante a Audiencia Provincial de Ourense.

Así por esta miña sentenza, que pronuncio, mando e asino.

Publicación. A xuíza que a subscribe leu e publicou a anterior sentenza, estando celebrando audiencia pública no mesmo día da súa data, dou fe en Bande o 18 de maio de 2006.

E como consecuencia de ignorado paradiro do demandado Manuel José Machado da Costa, emite este edicto para que lle sirva de notificación desta sentenza, facendo constar que a parte demandante, María Cristina Calleiros Rodríguez, goza do beneficio de xustiza gratuíta.

Bande, 26 de outubro de 2006.

O secretario xudicial
Rubricado

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 8 de novembro de 2006, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se fai pública a adxudicación do contrato administrativo correspondente ao expediente 8/2006.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Secretaría Xeral de Emigración.

b) Dependencia que tramita o expediente: Subdirección Xeral de Coordinación, Contratación e Xestión Orzamentaria.

c) Número de expediente: 8/2006.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: servizos.

b) Descrición do obxecto: realización da creatividade e desenvolvemento dunha campaña publicitaria de difusión e sensibilización sobre a inmigración en Galicia.

c) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG nº 168, do 31 de agosto de 2006.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación: cento cincuenta e cinco mil euros (155.000 €), IVE incluído.

5. Adxudicación.

a) Data: 8 de novembro de 2006.

b) Contratista: *Comunicación Integral Galega, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: cento cincuenta e catro mil catrocentos once euros con noventa e cinco céntimos (154.411,95 €).

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2006.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

Resolución do 16 de novembro de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se fai pública a adxudicación do contrato para a execución das obras de construción dun novo edificio para sede do Xulgado de Bande (Ourense).

Para os efectos previstos no artigo 93 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, esta secretaría xeral acorda dar publicidade a adxudicación do contrato que a continuación se relaciona:

-Contratación das obras de construción dun novo edificio para sede do Xulgado de Bande (Ourense).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

c) Número do expediente: OBX-2006-02.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: obras.

b) Descrición do obxecto: construción dun novo edificio para sede do Xulgado de Bande (Ourense).

c) División por lotes e número: non leva.

d) Diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG nº 152, do 8 de agosto de 2006.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Orzamento base da licitación: importe total: 638.384,03 €, IVE incluído. Desagregado por anualidades do seguinte xeito:

Ano 2006: 155.217,62 €.

Ano 2007: 483.166,41 €.

5. Adxudicación.

a) Data: 13 de novembro de 2006.

b) Contratista: *Construcciones Orega, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: seiscentos vinte e sete mil vinte euros con setenta e nove céntimos (627.020,79 €), IVE incluído, desagregado por anualidades do seguinte xeito:

Ano 2006: 152.454,75 €.

Ano 2007: 474.566,04 €.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2006.

Santiago Antonio Roura Gómez
Secretario xeral da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Resolución do 14 de novembro de 2006, do Servizo Provincial de Estradas da Coruña, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación -trámite de urxencia-, para a expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras de proxecto modificado número 1 de autovía Ferrol-Vilalba. Treito: enlace zona urbana das Pontes-Cabreiros. Clave GA/00/077.01.M1, termo municipal das Pontes de García Rodríguez.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia, establece no seu punto 2º a competencia